- No caso de non presentarse á audición de metade do cuatrimestre, o alumnado deberá presentar un traballo escrito relacionado co repertorio a traballar substituíndoa tamén no seu peso na avaliación. Este consistirá na elección de 2 pezas sobre as que realizará unha análise formal, harmónica, estilística e didáctica, así como unha breve aproximación biográfica do compositor, cunha extensión mínima de 5 folios a unha cara e interliñado sinxelo.
- Para o exame (audición final) o alumnado presentará a totalidade do repertorio proposto para o cuatrimestre (contando sempre co visto bo do profesor ao mesmo para a súa interpretación en público), do cal a sorteo serán escollidas unha serie de obras hasta completar, como mínimo, un total de 20 minutos de intervención.
- Cada instrumento será avaliado de xeito independente, sendo necesaria a obtención de 5 puntos sobre 10 en cada un para a superación da proba. A non superación da proba nun instrumento non permitirá a avaliación no resto de instrumentos.

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
a) Observación directa nas clases (Traballo diario)	a) Caderno do profesor/Gravación en vídeo	a) Participación activa na clase, calidade do estudo, implicación no progresivo desenvolvemento da capacidade crítica e autonomía interpretativa para abordar todo o repertorio proposto.	a/b) T1, T3, T4, T6, X1, X2, X3, X6, X8, X10, X11, E11, E14	a) 20%
b) Observación directa nas actividades complementarias organizadas polo departamento (non audición)	b) Caderno do profesor	b) Participación e implicación nas actividades complementarias.		b) 10%
a) Exame (Audición final pública)	a) Rúbrica de avaliación/Gravación en vídeo	a) Interpretación do repertorio proposto polo profesor con calidade artística, técnica e interpretativa. Presentación, organización e desenvolvemento da audición.	a) T6, X2, X3, X5, X6, X13, X21, E11, E12, E14, E15, E16, E110	a) 70%

Observacións:

- As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado.
- Para afrontar con garantías a convocatoria adiantada de Decembro sería recomendable que o alumnado sexa quen de interpretar coa calidade artística requirida para o seu nivel polo menos o 60% do repertorio proposto ao inicio do curso.
- Cada instrumento será avaliado de xeito independente, sendo necesario a obtención de 5 puntos sobre 10 en cada un para a superación da proba. A non superación da proba nun instrumento non permitirá a avaliación no resto de instrumentos.



AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)				
PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
a) Exame (Audición final pública)	a) Rúbrica de avaliación/Gravación en vídeo	a) Interpretación do repertorio proposto polo profesor con calidade artística, técnica e interpretativa. Presentación, organización e desenvolvemento da audición.	a) T6, X2, X3, X5, X6, X13, X21, E11, E12, E14, E15, E16, E110	a) 90%
b) Traballo escrito	b) Rúbrica de avaliación*	b) Nos traballos escritos valoraranse as capacidades de claridade conceptual, síntese e desenvolvemento do mesmo*	b) T1, T2, T3, T4, T8, X10, X12, X18	b) 10%

Observacións:

- O traballo escrito estará relacionado co repertorio a traballar e consistirá na elección de 2 pezas sobre as que realizará unha análise formal, harmónica, estilística e didáctica, así como unha breve aproximación biográfica do compositor, cunha extensión mínima de 5 folios a unha cara e interliñado sinxelo.
- Cada instrumento será avaliado de xeito independente, sendo necesario a obtención de 5 puntos sobre 10 en cada un para a superación da proba. A non superación da proba nun instrumento non permitirá a avaliación no resto de instrumentos.

EXTRAORDINARIA

PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
a) Exame (Audición final pública)	a) Rúbrica de avaliación/Gravación en vídeo	a) Interpretación do repertorio proposto polo profesor con calidade artística, técnica e interpretativa. Presentación, organización e desenvolvemento da audición.	a) T6, X2, X3, X5, X6, X13, X21, E11, E12, E14, E15, E16, E110	a) 100%

Observacións:

- Cada instrumento será avaliado de xeito independente, sendo necesario a obtención de 5 puntos sobre 10 en cada un para a superación da proba. A non superación da proba nun instrumento non permitirá a avaliación do resto de instrumentos.

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Se os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Stevens, L.H. - Method of Movement
- Peters, M. - Advanced Snare Drum Studies
- Friedman, D. - Etudes for Dampening & Pedaling.
- Fink, S. - Snare Drum Studies
- Woud, N. - Etudes for Tympani
- Udow, M. & Watts, C. - 50 Multipercussion Solos
- Ramada, M. (2000). Atlas de la Percusión. Rivera Editores.
- Cucciardi, F. (2000). La Batería Acústica. Rivera Editores.



Programación Docente de Lectura a 1º vista e transposición

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	Todos agás guitarra e música antiga.
CARÁCTER	A) Formación Básica								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO	Percusión								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	CARLOS CASTRO ROIG
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	CARLOS CASTRO ROIG
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII		
CUADRIMESTRE									Horas de clase	1
ETCS/ CUADRIMESTRE									Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	CARLOS CASTRO ROIG				carloscastro@csmvigo.com					

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Práctica da lectura a 1ª vista. Desenvolvemento dos aspectos técnicos, da axilidade e o automatismo necesario para a comprensión e interpretación inmediata dun texto musical. Práctica da lectura e transposición de textos musicais a diferentes tonalidades.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos para a proba de acceso ó grao superior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Especialidade de cada instrumento e música de cámara.
TRANSVERSAIS	T1,3,6,13,15
XERAIS	X1,2,3,13,21,24
ESPECÍFICAS	E11,2,4,5,7,9

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Aprender a ler a primeira vista con fluidez melódica e harmónicamente, baseándose na análise e na comprensión de diferentes estilos	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17
Desenvolver a habilidade de repentinizar obras de dificultade progresiva, perfeccionando tanto a capacidade do automatismo como a velocidade de lectura dun texto musical, transportando a distintas tonalidades e lendo en distintas claves.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17
Interpretar a primeira vista e transportar a parte correspondente de diferentes obras e estilos melódica e harmónicamente	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17
Desenvolver a comprensión inmediata dos elementos esenciais da textura musical (formal, harmónico, temático, etc.) e da súa interpretación a medida que se lé a obra.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17
Realizar lectura e transporte de fragmentos ou obras de calquera tonalidade nun orden progresivo de dificultade.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Análise	1. Análise e comprensión dos elementos da partitura musical.	5
2. Lectura a vista	2. Lectura a vista e interpretación de pezas de diferentes estilos	6
3. Transporte	3. Coñecemento e práctica da transposición.	6
Total de sesións por cuadrimestre		17

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Avaliación inicial:	1		



(Segundo o establecido nas Resolución do 8 de setembro de 2021 da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional pola que se dictan instrucións para o desenvolvemento das Ensinanzas de Réxime Especial para o curso 2021-2022)			
Traballo na aula: (No caso de semipresencialidade ou clases non presenciais por mor da COVID-19 o material de traballo e as tarefas a realizar serán postos a disposición do alumnado por medios telemáticos, correo electrónico, aula virtual, etc...).	17		
Traballo persoal		70	
Exame	2		
Total de sesións por cuadrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Amosar ó longo do cuadrimestre unha capacidade de aprendizaxe progresiva, amosando o coñecemento das técnicas estudadas e a correcta lectura e acompañamento a primeira vista.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17	50
Exame	1- Realizar a lectura a primeira vista dunha ou varias obras ou fragmentos, de diferentes estilos e formatos, amosando fluidez e comprensión do discurso musical. 2- Transportar correctamente a unha ou varias tonalidades dadas, unha obra ou fragmento, amosando fluidez e comprensión do discurso musical.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17	50

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Exame	1- Realizar a lectura a primeira vista dunha ou varias obras ou fragmentos, de diferentes estilos e formatos, amosando fluidez e comprensión do discurso musical. 2- Transportar correctamente a unha ou varias tonalidades dadas, unha obra ou fragmento, amosando fluidez e comprensión do discurso musical.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17	50
Traballo persoal	Amosar ó longo do cuadrimestre unha capacidade de aprendizaxe progresiva, amosando o coñecemento das técnicas estudadas e a correcta lectura e acompañamento a primeira vista.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17	50

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
	(ver avaliación extraordinaria)		

EXTRAORDINARIA			
Exame	1- Realizar a lectura a primeira vista dunha ou varias obras ou fragmentos, de diferentes estilos e formatos, amosando fluidez e comprensión do discurso musical. 2- Transportar correctamente a unha ou varias tonalidades dadas, unha obra ou fragmento, amosando fluidez e comprensión do discurso musical.	T3,T6,T13, X1,X2,X3,X13,X21, E11,E14,E15,E17	100

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Calquera partitura que pertenza ou non ó repertorio dos instrumentistas e que sexa axeitada para o traballo da lectura a primeira vista, o transporte e análise das obras.
- Métodos de transposición e repentización de Iglesias, Doupond, Lambertí, Messiaen, etc.

Programación Docente de INTRODUCCIÓN Á IMPROVISACIÓN

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro e 171/2016, do 24 de novembro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA CONXUNTO

ESPECIALIDADE	TODAS								ITINERARIO	TODOS
CARÁCTER	C) Optativa								TIPO DE CLASES	Colectiva
DEPARTAMENTO									XEFE/A DO DEPARTAMENTO	
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Carlos Castro Roig
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	2
ETCS/ CUADRIMESTRE						9			Idiomas	GALEGO, ESPAÑOL; INGLÉS
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	Carlos Castro Roig				carloscastro@csmvigo.com					

2. Descritor de competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	A materia ten como obxectivo que o alumnado poida enriquecer a súa formación musical e instrumental no ámbito da música improvisada (idiomática e non idiomática) en diferentes linguaxes e formacións. A participación nunha formación instrumental deste tipo permitirá abordar un repertorio específico, que englobe de forma conxunta aspectos técnicos e idiomáticos característicos da improvisación. Esta materia ofrécese a todas as especialidades instrumentales.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Está relacionado con materias de Conxunto, Improvisación
TRANSVERSAIS	T7, T9, T10
XERAIS	X2, X4, X7, X8, X11, X17, X21, X22
ESPECÍFICAS	EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Incorporar a improvisación (idiomática e non idiomática) como parte fundamental da expresión instrumental	EI2, EI7, X2, X4, X7, X8, X17, X22
Explorar técnicas instrumentais non convencionais que permitan obter unha maior variedade tímbrica	EI2, EI4, X4, X8, X17, X21, X22
Traballar as técnicas de improvisación (idiomática e non idiomática)	EI2, X2, X8, X11, X17, X22, EI7
Interpretar o repertorio en público como solista o en grupo, con e sen dirección, de forma solvente e autónoma	T7, T9, T10, X2, X4, X7, X21, X22, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Práctica solista e de grupo	Preparación dun repertorio amosando características sonoras traballadas	todas
Aprendizaxe das distintas indicacións e grafías propias e a súa realización en grupo e solista	Función de cada instrumento dentro do grupo, e traballo do empaste sonoro.	todas
Práctica e exploración de recursos non convencionais do instrumento	Experimentación as técnicas instrumentais non convencionais que permitan obter a maior variedade tímbrica	todas
Audición ou gravacións	Interpretación en audición ou en gravación do repertorio abordado no cuadrimestre	1
Total de sesións por cuadrimestre		18

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
avaliación inicial	2		2

Clases	34	34
Audicións-Gravacións	2	2
Traballo persoal	142	142
Total de horas por cuadrimestre		180

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Seguimento continuo	valóranse as capacidades adquiridas conforme a superación da aprendizaxe: exploración técnica, fluidez na improvisación, empaste no grupo	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	60%
Audicións / gravacións	valórase a capacidade artística de comunicación e o grado de compenetración co conxunto.	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X21, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	40%

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Seguimento continuo	valóranse as capacidades adquiridas conforme a superación da aprendizaxe: exploración técnica, fluidez na improvisación, empaste no grupo	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	60%
Audicións / gravacións	valórase a capacidade artística de comunicación e o grado de compenetración co conxunto	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X21, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	40%

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
Audición pública	Interpretación en audición de obras ou fragmentos como solista ou en grupo, amosando as técnicas instrumentais e improvisatorias traballadas e con capacidade artística de comunicación	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	100%

EXTRAORDINARIA			
Audición pública	Interpretación en audición de obras ou fragmentos como solista ou en grupo, amosando as técnicas instrumentais e improvisatorias traballadas e con capacidade artística de comunicación	T7, T9, T10 X2, X4, X7, X8, X11, X17, X21, X22 EI2, EI3, EI4, EI5, EI7, EI8, EI9, EI10	100%

ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberán cumprirse as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.



8. Bibliografía, materiais e documentos

LEVINE, M.: Jazz Theory. USA. Sher Music Co, 1995.

CORBETT, J.: A listener's guide to free improvisation, 2016, U. Chicago Press.

ALONSO, C.: Enseñanza y aprendizaje de la improvisación libre. E. Alpuerto, 2014.

BAILEY, D.: La improvisación. E. Trea, 2010.

MATTHEWS, W.: Improvisando. Turner música, 2012.

Programación Docente de INTERPRETACIÓN DA MÚSICA FOLK E NOVAS MÚSICAS

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro e 171/2016, do 24 de novembro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA CONXUNTO

ESPECIALIDADE	CONXUNTO								ITINERARIO	TODOS
CARÁCTER	C) Optativa								TIPO DE CLASES	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	PERCUSIÓN								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	CARLOS CASTRO ROIG
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	CARLOS CASTRO ROIG
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase	2
ETCS/ CUADRIMESTRE					6				Idiomas	GALEGO, ESPAÑOL, ENGLISH
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	CARLOS CASTRO ROIG				carloscastro@csmvigo.com					

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Materia de conxunto na que se aborda a preparación e interpretación da música folk / tradicional principalmente de Galicia, alonxada do xeito tradicional. Ten cabida a composición e arranxos individuais e colaborativos así como a improvisación. Pretende ser un espazo no que se valore e fomente a creatividade do alumnado traballando sobre un amplo repertorio aberto a influencias contemporáneas.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Cofecemento básico de cifrado americano ou acordes, e ser capaz de seguir un guiño de melodía e cifrado armónico
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Está relacionado con materias de Conxunto
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T7, T8, T9, T10
XERAIS	X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21, X22
ESPECÍFICAS	EI1, EI 3, EI 4, EI5, EI6, EI7, EI 8, EI9, EI10

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Crear e adaptar as diferentes obras de base tradicional ou popular de Galicia (e de músicas do mundo) utilizando recursos compositivos, harmónicos, formais, improvisatorios e tímbricos	T1, T2, T3, T7, T8, T9, T10, X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X22
Interpretar en grupo un repertorio (mínimo 3 obras) que reflectan o traballo en común	T3, T7, T8, T9, T10, X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21,

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Repertorio da música tradicional galega, folk e músicas do mundo	Preparación dun repertorio (mínimo 3 obras), amosando coñecemento da súa ornamentación, características sonoras e ritmos propios do estilo correspondente.	TODAS
Aspectos formais, compositivos e arranxos	Construción formal, harmonización, composición e improvisación	TODAS
Sonoridade de conxunto	A función de cada instrumento dentro do grupo como traballo para conquistar empaste sonoro.	TODAS
Audición ou gravación	Interpretación en audición ou en gravación do repertorio abordado no cuadrimestre	2
Total de sesións por cuadrimestre		16

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
AVALIACIÓN INICIAL	2		2
CLASES	34		34
AUDICIÓN/GRAVACIÓN	2		2
TRABALLO PERSOAL	142		142
Total de horas por cuadrimestre			180

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
SEGUIMIENTO CONTÍNUO	Participación na creación das pezas do repertorio (composición, harmonización, arranxos)	T1, T2, T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21, X22 E11, E1 3, E1 4, E15, E16, E17, E1 8, E19, E110	60%
AUDICIÓN/GRAVACIÓN	Control técnico, coherencia no estilo interpretativo, concordancia coa forma e estética das obras, capacidade artística de comunicación e grado de compenetracion co conxunto..	T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21,	40%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto acontece, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
SEGUIMIENTO CONTÍNUO	Participación na creación das pezas do repertorio (composición, harmonización, arranxos)	T1, T2, T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21, X22 E11, E1 3, E1 4, E15, E16, E17, E1 8, E19, E110	60%
AUDICIÓN/GRAVACIÓN	Control técnico, coherencia no estilo interpretativo, concordancia coa forma e estética das obras, capacidade artística de comunicación e grado de compenetracion co conxunto..	T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21,	40%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
AUDICIÓN PÚBLICA	Interpretación das obras que se traballaron no cuadrimestre con control técnico, coherencia no estilo interpretativo, concordancia coa forma e estética das obras, capacidade artística de comunicación e grado de compenetracion co conxunto..	T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21,	100%
EXTRAORDINARIA			
AUDICIÓN PÚBLICA	Interpretación das obras que se traballaron no cuadrimestre con control técnico, coherencia no estilo interpretativo, concordancia coa forma e estética das obras, capacidade artística de comunicación e grado de compenetracion co conxunto..	T3, T7, T8,T9, T10 X1, X2, X3, X6, X7, X8, X11, X17, X21,	100%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.			
7. Alumnado con necesidades educativas especiais			
DESCRIPCIÓN		CRITERIOS E PAUTAS	
No marco do establecido no Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.		Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.	
8. Bibliografía, materiais e documentos			
Cancioneiros e música tradicional de Galicia: Castro Sampedro, Bal y Gay. Cancioneiro Popular Galego: Schubart, Santamarina.			

Programación Docente de PERCUSIÓN - PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL											
Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015 do 29 de outubro e polo decreto 171/2016 do 24 de Novembro).											
1. Identificación e contextualización											
DISCIPLINA PEDAGOXÍA E DIDÁCTICA INSTRUMENTAL											
ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							ITINERARIO	PERCUSIÓN		
CARÁCTER	B) OBRIGATORIA							TIPO DE CLASES	COLECTIVA		
DEPARTAMENTO	PERCUSIÓN							XEFE/A DO DEPARTAMENTO	Carlos Castro Roig		
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	Carlos Castro Roig	
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1	
ETCS/ CUADRIMESTRE							3		Observacións		
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA		
	David Rodríguez García				david_riguez_garcia@csmvigo.com						
2. Descritor e competencias											
Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 do 29 de outubro e no decreto 171/2016 do 24 de Novembro.											
DESCRITOR	Preparación para a práctica docente. Desenvolvemento da capacidade de transmisión dos coñecementos adquiridos. Estudo das estratexias e recursos didácticos necesarios para a docencia.										
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os adquiridos nas diferentes disciplinas da especialidade. Nivel de inglés B1 ou superior que permita a lectura e comprensión de bibliografía seleccionada recomendada.										
RELACIÓN CON OUTRASDISCIPLINAS	A disciplina ten relación directa con disciplinas propias de interpretación (percusión, repertorio, música de cámara e orquestra/coro). A Pedagogía e didáctica da percusión debe capacitar ao alumno/a para o seu futuro como docente, conseguindo transmitir a técnica instrumental/vocal adquiridas, así como as características do repertorio e estilo de interpretación.										
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T15, T16										
XERAIS	X5, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X24, X25, X26, X27										
ESPECÍFICAS	EI6										
3. Obxectivos											
DESCRIPCIÓN										COMPETENCIAS RELACIONADAS	
1- Coñecer a lexislación que regula as ensinanzas de música de réxime especial autonómica e estatalmente para contextualizar axeitadamente o feito educativo.										T2, X18, X27,	
2- Coñecer metodoloxías potencialmente aplicables á ensinanza da percusión atendendo ao contexto.										T2, T4, T8, T14, X5, X8, X10, X18, X19, X24, X25,	
3. Describir os niveles de concreción curricular e os elementos prescriptivos do currículo.										T2, T8, X18,	
4. Elaborar a estrutura dunha programación didáctica.										T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T15, T16, X8, X11, X18, X25,	
5. Elaborar unha unidade didáctica con todos os seus elementos.										T1, T2, T3, T4, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X11, X18, X25,	
6. Seleccionar e/ou adaptar diferentes recursos didácticos seguindo criterios pedagóxicos para a ensinanza de percusión										T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T15, T16, X5, X8, X10, X11, X15, X18, X19, X25, EI6	
7. Realizar unha análise didáctica de diferentes pezas propostas										T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T15, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X25, X26, EI6	
8. Coñecer as diferentes teorías do desenvolvemento										T2, X18, X19, X26,	

4. Contidos		
TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Marco legislativo das ensinanzas de réxime especial de música	Lexislación estatal e autonómica. Reales Decretos e Decretos que as regulan	2
2. O currículo e a súa concreción.	O currículo e os seus elementos prescriptivos. Niveis de concreción curricular.	2
3. Metodoloxía e recursos didácticos	Métodos didácticos e principios pedagóxicos. Recursos didácticos. Análise didáctico. Elaboración e/ou recopilación de materiais para a impartición de clase	3
4. Teorías sobre o desenvolvemento	Principais teorías sobre o desenvolvemento	1
5. Programación didáctica	Programación didáctica e os elementos que a compoñen	3
6. As unidades didácticas	Estructura tipo dunha unidade didáctica. Diseño dos elementos prescriptivos	3
7. Desenvolvemento dunha clase práctica	Aplicación dos contidos desenvolvidos ao longo do cuadrimestre nunha sesión práctica destinada a un discente da materia de "2º Instrumento" propia das especialidades de Composición/Musicoloxía (dependendo das posibilidades organizativas do Departamento).	2
Total de sesións por cuadrimestre		16

5. Metodoloxía e Planificación Docente			
TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Análise de coñecementos previos dos alumnos	x		16
Exposición dos contidos básicos da materia polo profesor	x		16
Experimentación de exercicios: proposta de solucións e ideas baseadas no exposto en clase	x		16
Tutorías	x		2
Traballo persoal: Lectura da bibliografía recomendada e realización dos traballos e actividades propostos.	x	x	72
Total de sesións por cuadrimestre			90

6. Avaliación			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Traballos escritos	Presentación por escrito e defensa dos traballos propostos no formato e prazo establecidos	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X5, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X24, X25, X26, X27, E16	60%
Traballo de clase	Participación activa, realización das actividades propostas durante as sesións.	T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X26, X27, E16	40%

*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..

AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Traballos escritos	Presentación por escrito e defensa dos traballos propostos no formato e prazo establecidos.	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X5, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X24, X25, X26, X27, E16	75%
Traballo de clase	Participación activa, realización en tempo e forma dos traballos propostos.	T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X26, X27, E16	25%

AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación continua)			
FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Traballos escritos	Presentación por escrito e defensa dos traballos propostos.	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X5, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X24, X25, X26, X27, E16	100%
EXTRAORDINARIA			
Traballos escritos	Presentación por escrito e defensa dos traballos propostos.	T1, T2, T3, T4, T7, T8, T14, T16, X5, X8, X10, X11, X13, X15, X18, X19, X24, X25, X26, X27, E16	100%



ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

Os/as alumnos/as estranxeiros, participantes en programas de intercambio internacional, serán avaliados igual que os alumnos/as oficiais. No caso de non realizar un curso ou semestre completo, recibirán unha avaliación informativa e unha acreditación das horas lectivas realizadas.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRIPCIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberánse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación

8. Bibliografía, materiais e documentos

- AA.VV. (1996). La clase colectiva. Fundamentos básicos para su programación, su orientación y su evaluación. Mundimúsica.
- AA.VV. (2007). Web 2.0. ESIC.
- AA.VV. (2008). El Dashboard Digital del docente. Elizcom.
- Amat, O. (2005). Aprender a enseñar. Gestión 2000.
- Bachmann, M. (1984). La rítmica Jaques-Dalcroze. Pirámide.
- Coso, J. A. (1992). Tocar un instrumento: metodología del estudio, psicología y experiencia educativa en el aprendizaje instrumental. Música Mundana.
- De Benito, B. (2000). Posibilidades educativas de las webtools. Universitat de les Illes Balears.
- García, R. (2018). Las claves del aprendizaje musical. Guía para mejorar con tu instrumento musical y en el canto. Redbook ediciones.
- Graetzer, G. Yepes, A. (1983). Orff-Schulwerk. Ricordi.
- Harris, P. (2012). The Virtuoso Teacher. the inspirational guide for instrumental and singing teachers. Faber Music.
- Harris, P. (2008). Teaching beginners: a new approach for instrumental and singing teachers. Faber Music.
- Harris, P. (2006). Improve your teaching: an essential handbook for instrumental and singing teachers. Londres: Faber Music.
- Hensy, V. (1964). La iniciación musical del niño.
- Levis, D. (2011). Redes educativas 2.1 Medios sociales, entornos colaborativos y procesos de enseñanza y aprendizaje. Universities and Knowledge Society Journal 8.
- López de la Llave, A. y Pérez-Llantada Rueda, M. Carmen (2006). Psicología para intérpretes artísticos. Estrategias para la mejora técnica, artística y personal. Thomson-Paraninfo.
- Martenot, M. (1993). Principios fundamentales de formación musical y su aplicación. Rialp.
- Pascual, M. (2002). Didáctica de la Música. Pearson Educación.
- Peretz, I. (2019). Aprender música. ¿Qué nos enseñan las neurociencias del aprendizaje musical?. Redbook ediciones.
- Piaget, J. Inhelder, B. (1985). De la lógica del niño a la lógica del adolescente. Paidós.
- Ruiz, J. M. (2019). La técnica instrumental aplicada a la Pedagogía. Una guía para docentes con ejercicios muy prácticos. Redbook ediciones.
- Szönyi, E. (1976). La educación musical en húngria a través del método Kodály. Corvina.
- Suzuki, S. (1998). (His Speeches and Essays. Summy-Birchard Inc.
- Willems, E. (1981). El valor humano de la educación musical. Paidós.
- Willems, E. (2011). Las bases psicológicas de la educación musical. Paidós.
- Wuyack, J.(1974). L'audition musicale activa. Ed. de Monte.

Programación Docente de PERCUSIÓN TRADICIONAL I - IV

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA PERCUSIÓN TRADICIONAL

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								ITINERARIO	IMTP
CARÁCTER	B) Obligatoria								TIPO DE CLASES	COLECTIVA
DEPARTAMENTO	IMTP								XEFE/A DO DEPARTAMENTO	LORENA FREIJEIRO
CURSOS	1.º curso		2.º curso		3.º curso		4.º curso		COORDINADOR/A DA DISCIPLINA	CARLOS CASTRO
	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII		
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	Horas de clase semanais	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	3	3					Observacións	
DOCENTES	NOME E APELIDOS				MAIL/TEL/WEB				TITORÍA	
	CARLOS CASTRO				carloscastro@csmvigo.com				VER CADRO DE TITORÍAS	

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Cofecemento da técnica interpretativa nos instrumentos tradicionais máis importantes que complementan a visión da música tradicional, desenvolvendo unha interpretación axeitada con cada instrumento e estilo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Percusión
TRANSVERSAIS	T2, T3, T17
XERAIS	X1, X2, X3, X4, X6, X21, X22
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI5, EI7, EI8

3. Obxectivos

DESCRIPCIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Cofecer basicamente as técnicas dos instrumentos.	T2, X1, X3, X6,
Desenvolver as técnicas de acompañamento.	T2, T3, X1, X2, X3, X4, X6, X21, X22, EI1, EI5, EI7, EI8
Desenvolver o papel de acompañante único ou en grupo.	T3, T16, X2, X4, X6, X21, X22, EI1, EI2, EI5, EI7, EI8

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
TAMBOR	1.1. agarre e golpeo básico - 1.2. redobre - 1.3. mordentes - 1.4. muiñeira, rumba, xota, etc, e ritmos baseados en compases irregulares.	TODAS
PANDEIRETA, PANDEIRA	1.1. agarre e golpeo básico - 1.2. redobre - 1.3. mordentes - 1.4. muiñeira, rumba, xota, etc, e ritmos baseados en compases irregulares.	TODAS
PANDEIRO	3.1. agarre e golpeo básico - 3.2. muiñeira, rumba, xota, etc, e ritmos baseados en compases irregulares.	TODAS
BOMBO	4.1. agarre e golpeo básico - 3.2. muiñeira, rumba, xota, etc, e ritmos baseados en compases irregulares.	TODAS
CUNCHAS, TARRAÑOLAS, CULLERES	5.1. agarre e golpeo básico - 3.2. muiñeira, rumba, xota, etc, e ritmos baseados en compases irregulares.	TODAS
Total de horas por cuadrimestre		17

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRIPCIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Avaliación Inicial: Realizarase durante a primeira semana do curso escolar e de xeito personalizado. Segundo os resultados se informará ao alumno/a e se programarán exercicios, estudos ou obras, de xeito que se recuperen aqueles aspectos menos desenvolvidos nese período.	1		1
Exposición teórico-práctica: Proposición de problemas técnicos e musicais revisados na clase coa demostración do	16		16



profesor ou coa utilización doutros recursos.			
Práctica individual: Práctica dos problemas técnicos e musicais propostos nas clases. Audicións comparativas e transcritións.		71	71
Actividades de avaliación: Audición individual ou en grupo co instrumento ou instrumentos asignados polo profesor.	2		2
Total de horas por cuadrimestre			90

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación continua)			
Traballo persoal	Participación na clase e calidade do estudo.	T2, T3, X1, X2, X3, X4, X6, X21, X22, E11, E15, E17, E18	50%
